

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

3º ESO

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1. Xeografía

1. Grecia: marco xeográfico.
2. Roma: marco xeográfico.

Bloque 2. Historia

1. Marco histórico: as orixes.
2. Períodos da historia.
3. Romanización de Hispania.

Bloque 3. Mitoloxía

1. Mitos gregos romanos: deuses e heroes.
2. Relixión en Grecia e Roma.

Bloque 4. Arte

1. A arte grega e romana: pervivencia dos modelos clásicos no mundo actual.
2. Arte grecolatina no noso país.

Bloque 5. Sociedade e vida cotiá

1. Sistemas políticos:
 - As poleis gregas: aristocracia e democracia.
 - A República romana e o Imperio.
2. Principais grupos sociais.
3. A familia.
4. O traballo e o ocio: os oficios, a ciencia e a técnica.
 - Festas e espectáculos.

Bloque 6. Lingua/léxico

1. As orixes da escritura.
2. Orixes dos alfabetos.
3. Orixe común do grego e o latín: o indoeuropeo.
4. As linguas romances.
5. Pervivencia de elementos lingüísticos grecolatinos.
6. Literatura grecolatina: pervivencia nas literaturas actuais.

Bloque 7. Pervivencia na actualidade

1. Presenza da civilización clásica no mundo actual.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 3ºESO CULTURA CLÁSICA

Ao final do proceso, observarase o grao de consecución dos estándares en función dos seguintes criterios de cualificación. A cualificación final de cada avaliación analízase do modo seguinte:

- Probas obxectivas, traballos escritos/orais, individuais ou en grupo..... 50%
- Participación na clase , actividades de clase, traballos voluntarios e adquisición das competencias clave.....50%

Haberá por avaliación como mínimo unha proba escrita obxectiva na que os alumnos/as haberán de responder con exactitude, claridade e pulcritude ás cuestións propostas. O número de cuestións tamén será variable e a puntuación, de cero (0) a dez (10) puntos, será proporcional ao número de cuestións.

As actividades do libro de texto (así como os exercicios complementarios sinalados polo profesorado) deberán quedar reflectidas nos cadernos dos alumnos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN CULTURA CLÁSICA

Como Cultura Clásica impártese por primeira vez en segundo ciclo da E.S.O. Polo tanto, realizarase unha avaliación inicial ao comezo do curso para determinar o grao de formación e interese dos alumnos/as. Esta avaliación permitiranos adecuar os contidos ás características do grupo e a cada un dos alumnos de forma personalizada. Esta avaliación consistirá en responder a unhas cuestións sobre coñecementos previos, tanto de tipo lingüístico como cultural. Ademais farán unha breve redacción expoñendo os motivos para elixir esta materia, as súas fortalezas e debilidades para afrontar o curso e as circunstancias persoais relevantes que desexen comentar.

Esta avaliación permitirá unha achega ás características do grupo e a cada un dos alumnos/as de forma personalizada, coa finalidade de coñecer o punto de partida e reforza aqueles aspectos nos que se detecten carencias. Só ten validez informativa.

Ao longo do desenvolvemento da programación, para medir o grao de consecución dos obxectivos e estándares e poder realizar as correccións necesarias, levarase a cabo unha avaliación formativa e continua. No último tramo, realizarase unha avaliación final e sumativa que determinará o éxito do proceso en función dos obxectivos programados. Por outra banda, os exames da convocatoria extraordinaria de xuño, moi similares aos de principios de xuño,, permitirán a recuperación da materia pendente se se dá o caso. Unha vez determinados os criterios de avaliación, e á vista de que non existe un único procedemento para avaliar os distintos aspectos do proceso de ensino/aprendizaxe, é necesario empregar diversas actuacións, procedementos e instrumentos en función dos aspectos que se avalíen (progreso dos alumnos, adecuación dos procesos de ensino, etc.), do fin que pretenda a avaliación ou do momento en que leve a cabo a mesma (inicial, formativa ou sumativa).

LATÍN

1º BAC

CONTIDOS MÍNIMOS

- Os casos latinos e os seus valores. Só se terán en conta os seguintes valores: nominativo: suxeito e atributo; acusativo: C.D. e complemento con preposición; xenitivo: C.N.; dativo: C.I.; ablativo con e sen preposición.
- Agrupación de palabras en cinco declinacións.

Flexión nominal:

- As cinco declinacións sen recorrer aos casos especiais.
- Declinación de adxectivos dunha, dous e tres terminacións.
- Comparativos e superlativos.
- Pronomes persoais, demostrativos, posesivos, relativos, indefinidos e interrogativos.

Flexión verbal:

- Elementos constituíntes dunha forma verbal.
- As conxugación regulares en activa e pasiva. O verbo *sum*.

A oración:

- A oración simple, nominal e predicativa.
- Concordancia entre suxeito e predicado e entre nome e adxectivo.
- Principais complementos verbais.
- Oración complexa: as de relativo
- As introducidas por *ut* e *cum*

Léxico latino e evolución:

- Coñecer un mínimo de vocablos latinos (arredor de 50)
- Evolución das linguas romances: ditongos, vogais postónicas, xordas e sonoras intervocálicas, grupos consonánticos iniciais e en interior de palabra.

Cultura:

- Os órganos de goberno: as maxistraturas.
- O exército: legio, equitatus et auxilia
- As tres grandes etapas da historia de Roma: Monarquía, República e Imperio. Características xerais.
- clases sociais en Roma durante a República.
- O concepto de Romanización.
- A vida cotiá: a familia, a educación, a vivenda, os espectáculos do Circo. O calendario.
- Os principais deuses.

. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das avaliacións e a nota final do curso será obtida a partires das cualificacions das probas escritas (2 por avaliación) e considerase superada se esta cualificación é igual ou superior a cinco puntos. Serán tidas en conta para as cualificacións as intervencións orais nas clases, os traballos realizados, as lecturas voluntarias relacionadas coa materia, a resolución das actividades propostas e, en resumo, o resultado de calquera das actividades consideradas instrumentos de avaliación que se realicen ao longo do curso.

- Tradución 60%
- Teoría 40%.

Para superar a materia é imprescindible superar dúas das tres avaliacións, sendo unha delas a terceira. A nota final será a nota da terceira avaliación xa que non se elimina materia, porque a avaliación é continua.

Para obter a nota: [proba 1 + proba 2 + (0,1 x nº actividades)] : 2

Ao ser continua a avaliación o alumno/a poderá promocionar de curso aínda que teña suspensa a 1ª e/ou a 2ª avaliación sempre que na 3ª obteña unha nota mínima de 5 sobre 10 (DOG 29/06/2015). Así mesmo establécese que calquera actitude fraudulenta por parte do alumnado (p. ex. "copiar" nas probas

escritas ou suplantar a autoría nun traballo) suporá a perda de todos os puntos acadados nese trimestre

AVALIACIÓN DE PENDENTES DE 1º BAC

Para avaliar aos pendentes faranse dous exames de toda a materia, un o 24 de febreiro e o segundo o 6 de maio, Se o alumno/a aproba en febreiro, terá superada a materia, en caso contrario terá que presentarse ao exame de maio e superalo.

A xefa de departamento contactará con estes alumnos para indicarlles os mínimos esixibles que aparecen especificados nesta programación e facilitarlles exercicios ou actividades que lles axuden a superar esta materia.

Excepcionalmente durante o curso 2021-2022, posto que repasamos en 2º BAC no primeiro trimestre toda a gramática de 1º BAC, todos os alumnos de DIURNO, que teñan pendente latín 1º BAC, se aproban a primeira avaliación de 2º de BAC, quedan aprobados con un cinco na materia pendente de 1º BAC, Se aprobasen en algunha das convocatorias (7 outubro, 24 febreiro ou 6 de maio) quedaríalle a nota que saquen nesa convocatoria.

Tamén o día 7 de outubro de 2021 os alumnos con latín de 1º bac pendente farán un exame de recuperación ou de COÑECEMENTOS PREVIOS de 1º BAC de toda a materia, se aproban quedalles aprobado o latín de 1º BAC. Os alumnos de latín de 2º BAC NOCTURNO con latín de 1º de BAC pendente teñen que facer esta materia no IES San Clemente ou equivalente na Coruña porque non se fixo grupo de 1º BAC adultos.

2º BAC

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Para superar o currículo de Latín II, os alumnos/as deberán ser capaces de demostrar nos seus exames un coñecemento evidente do conxunto xeral do que se lles avalía. Isto quere decir que as respostas dos alumnos deberán ter un certo equilibrio. Necesita un 50% ben resolto de cada estándar

En concreto, a relación completa de contidos que o alumno debe acadar NA TEORÍA E NA TRADUCCIÓN para aprobar é a que segue:

- Flexión nominal e pronominal.
- As conxugacións en activa e pasiva. Verbo *sum* e os seus compostos.

- A voz perifrástica activa e pasiva.
- Valores fundamentais dos casos. Complementos de lugar.
- Verbos irregulares *eo, volo*.
- A oración: constituíntes e tipos.
- Proposicións subordinadas de relativo e substantivas.
- Proposicións subordinadas adverbiais.
- Formas nominais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo. A súa sintaxe.
- Técnicas de tradución. Uso correcto do dicionario.
- Xéneros literarios: teatro, épica, lírica, historiografía, oratoria, fábula.
- Topónimos.
- Locucións latinas.
- Evolución do latín ao castelán e galego. Composición e derivación: prefixos e sufixos máis usados.

Os 5 temas de literatura ponos a CIUG ademáis dos topónimos e das locucións latinas, sobre isto serán os exames de teoría, un por cada avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios serían 80% polos exames e 20% polo traballo individual de clase e traducións e/ou traballos especiais mandados pola profesora. Tres exames por avaliación, 1 teórico e 2 prácticos, fan media os tres. A avaliación é contínua, polo tanto é necesario aprobar a terceira avaliación para aprobar a materia. **Pero será necesario recuperar a teoría se non se aprobou ó largo do curso.**

4º ESO

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Bloque 1. O latín, orixe das linguas

- A orixe e a evolución do latín. Clasificación das linguas indoeuropeas.

Latín culto e latín vulgar: lingua de cultura e lingua de comunicación. O proceso de redución morfolóxica e sintáctica no latín vulgar. A formación das linguas romances.

Análise dos procesos de evolución das linguas romances.

A evolución fonética. Termos patrimoniais, semicultismos e cultismos. Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes. Relación semántica entre palabras dunha mesma raíz latina e evolución fonética diferente.

Bloque 2: Sistema da lingua latina: elementos básicos.

- As orixes da escritura: Diferentes sistemas de escritura.
- Orixes do alfabeto latino.
- Abecedario e a pronunciación do latín.

- Bloque 3: Morfoloxía.
- Formantes das palabras.
- Tipos de palabras: variables e invariables.
- Concepto de declinación e conxugación
- Flexión nominal: substantivos, adxectivos: 1ª, 2ª e 3ª decl., adxectivos do 1º tipo.
- Flexión verbal: presente, pretérito imperfecto e pretérito perfecto.

Bloque 4: Sintaxe

- Os elementos da oración.
- Os casos latinos.
- A concordancia.
- A oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- A oración composta: as oracións coordinadas
- O infinitivo

Bloque 5: Roma: historia, cultura e civilización.

- Períodos da historia de Roma.Hispania
- Organización política e social de Roma.Instituciones políticas.Clases sociales
- A familia romana.O Exército romano.
- Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.
- Mitoloxía e relixión: coñecer os principais deuses, semideuses e héroes da mitoloxía grecorromana.
- Os espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.

Bloque 6. Textos.

- Análise morfolóxica e sintáctica.
- Lectura comprensiva de textos latinos sinxelos.

Bloque 7: Léxico.

- Vocabulario básico latino: léxico transparente, palabras de maior frecuencia
- Locucións latinas de uso actual

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 4ºESO, 1º e 2º BAC

Propoñémonos conxugar a atención ao traballo diario e ós exames ó xeito tradicional. De igual modo a cualificación estará baseada en varios instrumentos. Haberá ó longo do curso tres avaliacións, cada avaliación dous exames que farán nota media sempre que chegue a nota a un tres en cada un deles; en caso de non chegar a un tres nalgún, poñerase a nota entre cero e catro , sabendo que de ningún modo pode subir de catro, por exemplo: se o alumno tivese un nove e un cero, resultaría un catro; se o alumno tivese un oito e un dous, ó non facer media, quedaría un catro. Se tivese un 2 e un 5, quedaría un 3.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN LATÍN 4º ESO

Na avaliación a NOTA da materia axustarase á seguinte proporción:

a) Probas obxectivas (exames, controis, ...) -----80%, máximo 8 puntos.

b) Traballo na aula e Competencias clave----- 20%, máximo 2 puntos

IMPORTANTE: en caso de sorprenden a un alumno copiando por libro, papeis, compañeiro ou ordenador-reloxo a nota será 0 no exame.

A nota final en xuño será a da última avaliación coa posibilidade dunha proba previa de recuperación das avaliacións suspensas.

Na convocatoria extraordinaria de Xuño, a avaliación basearase nun exame sobre os contidos mínimos. O alumno recibirá a nota acadada nese exame, redondeada a un número enteiro según a forma usual de redondeo.